


CFR de Lugo, 6 de maio de 2024



Os álbums sen palabras: un recurso pouco explorado para as aulas

Montse Pena Presas (montserrat.pena@usc.es)

Que son os álbums sen palabras?

- Álbums que apenas teñen signos gráficos, polo que narran historias empregando só imaxes.
- Outras denominacións: libros silentes, libros mudos, libros de imaxes ou libros sen palabras.
- Implican prestar unha maior atención ás ilustracións
- Que é o primeiro que aprendemos a ler? Se entendemos a lectura como unha decodificación de signos, os álbums sen palabras tamén se len.
- Xorden nos anos 70 do S. XX e cada vez máis autores e autoras apostan polo seu uso educativo en diferentes etapas.



Cales son as tarefas que realiza a lectora/o lector dun álbum sen palabras?

Centra a atención

Identifica os signos visuais


Reconstrúe as secuencias a partir das relacións espaciais

Confirma/refuta teorías sobre a historia

A dificultade pode ser meirande que na interpretación de álbums convencionais.


Se nos imos preparar para ler imaxes en pantalla, o lóxico é antes saber ler imaxes en papel

Como se debería ler un álbum sen palabras?




Tipoloxías do álbum sen palabras

- **Álbum sen palabras puro:** tan só aparece o título -que marca moito- e os datos editoriais.
- **Álbum case sen palabras:** importan máis os signos visuais, pero aparecen parágrafos, frases ou palabras na dobre páxina. Debido a que o álbum apenas ten palabras, o lector prestaralles moita atención.
- **Falso álbum sen palabras:** semellan que non teñen case palabras, pero despois de observalos compróbase que teñen máis da esperadas. Ex: álbums que conteñen toda a historia textual nunha soa páxina, ou unha palabra que aparece en todas as páxinas repetida.



As palabras que sempre aparecen no álbum

Os límites do que pode ser interpretado, non obstante, existen e , en moitas ocasións, veñen dadas polo título e pola linealidade de imaxes que fan a secuencia narrativa.



As palabras que adoitan aparecer no álbum sen palabras

- **Peritextos:** enunciados que acompañan ao texto principal dunha obra literaria e que son inseparables do texto. (Datos editoriais, resumo da contracapa, dedicatorias autorais, etc.).
- **Funcións:** habitualmente **propagandística**, achegan información sobre a editora, a colección ou o libro en concreto. En ocasións **son orientadores:** marcan o público ao que van dirixido; outras enuncian que tipo de libro é, outros recollen parte da historia, noutros casos reproducen palabras da crítica especializada.



Como é a voz dos personaxes nos álbums sen palabras?

- **Imagoparlantes:** os autores substitúen as palabras por imaxes para amosar o que pensan, senten ou desexan os personaxes. En vez de usarse palabras empréganse linguaxes iconográficas (ex: pictogramas ou signos de interrogación).
- **Silenciados:** polas imaxes, parece que eses personaxes falarían, pero non hai texto que indique cales son eses sons. Sábese que os personaxes emiten sons debido ás expresións faciais, a linguaxe corporal ou outros signos gráficos
- **Silenciosos:** a historia non require que falen porque están sós, porque non conversan, porque son incapaces de falar, ou porque a trama se basea na acción.

Por que empregar álbums sen palabras en EI?

Capacidade para iniciar
no gusto pola literatura

Desenvolven elementos
de prelectura:
observación atenta e
secuencialidade

Estimulan a realización
de inferencias

Promoven a
alfabetización visual

Capacidade para
provocar producións
orais ou escritas do
alumnado

Por que empregar o álbum sen palabras en EP e ES?

Evolución cara a formas máis complexas a partir dos anos 90

Activación de experiencias narrativas previas evidente coa lectura destes álbums

Necesidade de decodificar visualmente nunha sociedade onde esa habilidade será clave

Expresión das emocións e mellora das relacións intergrupais



Estratexias de lectura e de construción de sentido similares ás que se empregan en álbums "convencioonais"




Capacidade de fomentar a autoestima lectora en alumnado que habitualmente non a ten

Cumpren á perfección a necesidade curricular da "multimodalidade"

Álguns exemplos de álbums sen palabras para EP

- As convencións narrativas pódense perfectamente practicar a partir destes álbums
- Ademais, cuestións como os espazos, o ritmo e o tempo, tamén poden ser cuestións de análise






Algúns exemplos de
álbum sen palabras
para ES

- Activan cuestións literarias importantes, como a metaficción
- Promoven a secuenciación narrativa

Que nos din as investigacións sobre o emprego deste recurso?

- Habitualmente foi un **recurso empregado con alumnado prelector**, pero a súa **transversalidade** (posibilidade de empregalo en diferentes materias) e **versatilidade** (de diferentes maneiras) é cada vez maior.
- A postmodernidade fixo que o álbum sen palabras sexa cada vez máis complexo e apele a un público maior.
- Porén, aparecen **preconceptos** derivados da súa carencia de texto e da súa aparente "facilidade".
- A carencia do texto aumenta a **polisemia do sentido**. Importancia de que cada lectora/lector constrúa o seu propio sentido e que negocien en grupo.
- O feito de que non teñan palabras promove a integración de alumnado doutras linguas e moitas veces de alumnas e alumnos con escasa capacidade de atención: **recurso artístico integrador**.



Bibliografía

- Bosch, E. (2012). "Las palabras en el álbum sin palabras". *Ocnos* 8, pp. 78-
- -Bosch, E. (2015). "La voz de los personajes en los álbumes sin palabras". *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* 13, pp. 9-20.
- -Bosch, E. e Durán, T. (2009). "Ovni: un álbum sin palabras que todos leemos de manera diferente". *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil* 7, pp. 39-52.
- -Colón Castillo, M.J. (2023). "El álbum sin palabras como recurso educativo transversal. Revisión y análisis del estado de la cuestión". *Educare*, 27. Disponible en: <https://www.revistas.una.ac.cr/index.php/EDUCARE/article/download/14480/27206?inline=1>